

Francisco Fernández del Riego en lectura fácil



Día das Letras Galegas
17 de maio de 2023



BIBLIOTECA PÚBLICA
DE OURENSE
NÓS

Francisco Fernández del Riego
en lectura fácil

Texto Lectura Fácil: Iria C. Bao

Revisión Lectura Fácil: Elisabet Serra Casanovas

Fotografía da cuberta: Arquivo da Real Academia Galega

© Iria C. Bao, polo texto, 2023

© Biblioteca Pública de Ourense Nós, 2023

© Arquivo da Real Academia Galega, pola fotografía

Primeira edición: xullo de 2023

Depósito legal: OU 192-2023



Este logo identifica os materiais
que seguen as directrices internacionais da IFLA
(International Federation
of Library Associations and Institutions)
para persoas con dificultades lectoras.
Outórgao a Asociación Lectura Fácil.
Para máis información: www.lecturafacil.net

Edita:

Biblioteca Pública de Ourense Nós

Rúa Canle, 6

32004 Ourense

Imprime:

Aceroplus

Rúa Camiño Caneiro, 4 baixo

32004 Ourense

Índice

1. Vilanova de Lourenzá.....	5
2. Monforte de Lemos.....	7
3. Madrid.....	10
4. Santiago de Compostela.....	12
5. Vigo.....	17
6. Bibliografía.....	23
7. Agradecementos.....	24

1. Vilanova de Lourenzá

Francisco Fernández del Riego naceu o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá. Vilanova de Lourenzá é unha vila da provincia de Lugo.

O pai de Francisco chamábase Vicente e a súa nai chamábase Amada.

Os pais de Francisco tiñan un comercio no baixo da súa casa onde vendían un pouco de todo.

Os pais de Francisco tiveron 7 fillos e 4 fillas. Francisco foi o maior dos fillos. A familia de Francisco chamáballo Paco.

A Paco gustáballe xogar ao fútbol
pero o que máis lle gustaba era ler libros.
Paco lía libros de diferentes escritores,
por exemplo, dos irmáns Grimm
e de Jules Verne.

2. Monforte de Lemos

Paco marchou con 14 anos a estudar o bacharelato ao Colexio dos Escolapios de Monforte de Lemos.

Monforte de Lemos é unha vila da provincia de Lugo.

Paco vivía na residencia do Colexio dos Escolapios porque Monforte de Lemos está moi lonxe de Vilanova de Lourenzá.

Paco estudou o Bacharelato de Letras porque cada vez lle gustaba máis ler. Tamén seguiu xogando ao fútbol.

Os compañeiros do equipo de fútbol chamábanlle o Bicicleta porque era moi bo e rápido co balón.

Paco soñaba con ser escritor e escribiu o seu primeiro artigo na revista do seu colexio.

Un artigo é un texto que unha persoa escribe sobre un tema.

Os artigos publícanse nos periódicos e nas revistas.

Paco gañou un concurso literario e seguiu escribindo noutras revistas e tamén en periódicos.

La Región é un periódico de Ourense.

Paco escribiu un artigo en La Región sobre como celebraron a Semana Santa no Colexio dos Escolapios.

3. Madrid

Despois de estudar no Colexio dos Escolapios Paco marchou a Madrid a estudar Dereito na universidade.

A xente de Madrid tiña unha opinión negativa de Galicia. Por iso, Paco comezou a ler libros de escritores galegos.

Paco leu o libro de título **Cantares Gallegos**. A autora de Cantares Gallegos é Rosalía de Castro.

Paco tamén leu o libro de título

Aires da miña terra.

O autor de Aires da miña terra
é Curros Enríquez.

Pero o libro máis importante para Paco
foi o libro de título

Teoría do nacionalismo galego.

O autor de Teoría do nacionalismo galego
é Vicente Risco.

Despois de ler este libro

Paco comezou a ser galeguista.

Unha persoa galeguista ama
e defende a cultura galega.

Tamén loita por mellorar
a vida das galegas e galegos.

4. Santiago de Compostela

Paco estudou un ano
na Universidade Central de Madrid.
Despois seguiu estudando
na Universidade de Santiago de Compostela.
Toda a familia de Paco
foi vivir a Santiago de Compostela.

Paco estudou Dereito e Filosofía e Letras
na Universidade de Santiago de Compostela.
A filosofía é a ciencia que estuda
o home e o universo.

Paco foi socio
do Seminario de Estudos Galegos.
O Seminario de Estudos Galegos foi
unha asociación de estudantes e profesores
da Universidade de Santiago de Compostela.

Os socios do Seminario de Estudos Galegos investigaban sobre temas como a historia e a arqueoloxía de Galicia.

A arqueoloxía é a ciencia que estuda as sociedades antigas a través dos monumentos, documentos e obxectos.

A arqueoloxía trata de descubrir como vivían as persoas noutras épocas.

Paco anotouse na organización de estudantes FUE.

FUE significa Federación Universitaria Escolar.

Esta asociación reclamaba que os profesores da Universidade de Santiago de Compostela ensinaran en lingua galega.

A asociación FUE tamén reclamaba que os alumnos e alumnas estudasen a historia, a xeografía e a literatura de Galicia.

Paco participou en folgas e deu mitins.

Un mitin é unha reunión onde unha persoa fala dun tema en voz alta diante de moitas persoas.

Paco publicou artigos na revista de título **Nós** e no periódico de título **Heraldo de Galicia**.

Paco foi director da revista de título **A Nosa Terra**.

Nesta revista Paco tamén publicou artigos.

Paco acabou de estudar Dereito e empezou a traballar como profesor na Universidade de Santiago de Compostela.

Paco entrou no Partido Galeguista
e participou na redacción
do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O Estatuto de Autonomía de Galicia
está formado polo conxunto de normas
da Comunidade Autónoma de Galicia.

A maioría de galegas e galegos
votaron a favor do Estatuto,
pero o Estatuto non se aprobou
porque os fascistas deron un golpe de Estado
e comezou a guerra civil.

Unha persoa fascista non respecta
os dereitos das demais persoas.

Paco foi moi amigo de Ánxel Casal.
Ánxel Casal tiña a imprenta Nós
en Santiago de Compostela
onde fabricou libros galegos moi importantes.

Paco axudaba a Ánxel Casal na imprenta Nós
ata que os fascistas asasinaron a Ánxel Casal.

Os fascistas prohibiron a Paco
dar clase na universidade.

Paco tiña medo dos fascistas
e loitou na guerra con eles.

5. Vigo

Cando acabou a guerra, Paco foi vivir a Vigo e traballou de profesor en colexios privados.

Paco escribiu artigos en revistas e no periódico **Faro de Vigo**.

Paco creou a Editorial Galaxia.

O primeiro libro que publicou a Editorial Galaxia foi o libro de título **Antífona da cantiga**.

O autor de Antífona da cantiga é Ramón Cabanillas.

Paco creou a Colección Salnés da Editorial Galaxia.

A Colección Salnés é un conxunto de libros de poesía publicados pola Editorial Galaxia.

O libro de título **Longa noite de pedra**
é o libro máis importante da Colección Salnés.
O autor de Longa noite de pedra
é Celso Emilio Ferreiro.

A Editorial Galaxia publicou o libro de título **Leria**
do escritor ourensán Vicente Risco.
Paco e Vicente Risco foron amigos
e escribíronse cartas.

Paco creou a **Revista de Economía de Galicia**
onde publicou un artigo
que asinou baixo o pseudónimo
de Cosme Barreiros.

Un pseudónimo é un nome falso
que utiliza un escritor ou unha escritora
para asinar os seus escritos.

Paco creou a revista **Grial**,
da que foi director.

A revista Grial é a revista de cultura
máis antiga de Galicia.

Paco escribiu artigos na revista Grial
que asinou baixo o pseudónimo
de Salvador Lorenzana.

Paco escribiu cartas
aos galegos exiliados e emigrados
en países de América do Sur
como Argentina.

Os galegos exiliados estaban
en perigo en Galicia
polas súas ideas políticas.

Paco escribiu artigos
en revistas de galegos
exiliados e emigrados en América
como a revista de título **Galicia**.

Galicia foi unha revista
do Centro Gallego de Buenos Aires.
Buenos Aires é a capital de Argentina.

O Centro Gallego de Buenos Aires
deulle un premio a Paco
polo seu libro de título
Historia de la literatura gallega
e convidouno a viaxar a Argentina.

O primeiro libro de Paco
publicouse en Argentina.
O título do libro é
Cos ollos do noso espírito.

Paco foi membro da Real Academia Galega.
A Real Academia Galega é unha institución
para o estudo e defensa da cultura galega.

Paco propuxo á Real Academia Galega
celebrar o Día das Letras Galegas.

O primeiro Día das Letras Galegas
foi o 17 de maio de 1963.

O primeiro Día das Letras Galegas
dedicouse a Rosalía de Castro
e ao seu libro de título Cantares Gallegos.

Paco foi tamén presidente
da Real Academia Galega.

Paco foi director
da Biblioteca Penzol de Vigo
durante máis de 40 anos.

A Biblioteca Penzol é unha biblioteca
moi importante de libros, revistas
e outros documentos de temas galegos.

Paco morreu en Vigo
o 26 de novembro de 2010.

6. Bibliografía

Para escribir este folleto

consultei o libro de título

Francisco Fernández del Riego:

un loitador pola idea de Galicia

da escritora Malores Villanueva Gesteira,

que non está escrito en lectura fácil.

Para a explicación

dalgunhas palabras do texto

consultei a páxina web:

diccionariofacil.org

7. Agradecementos

Este texto escribino para a exposición do Día das Letras Galegas que se organizou na Biblioteca Nós do 15 de maio ao 17 de xuño de 2023.

Grazas ás persoas das asociacións As Burgas e Aspanas que leron e comentaron este texto nas sesións do Club de Lectura Fácil da Biblioteca Nós.

Grazas tamén a Loli Portela de FADEMGGA Plena Inclusión Galicia polas súas indicacións.

bibliotecas.xunta.gal/ourense



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES